

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas***BASES PARA SUBVENCIONES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2018*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria de 15 de xuño de 2018, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes Bases:

**BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS
SEN ANIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2018**

A Deputación, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas disciplinas e coñecedora das carencias ás que se enfronta, establece as Bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover, fomentar e impulsar as actividades deportivas segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Primeira. Obxecto

A finalidade desta convocatoria é apoiar as entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades deportivas durante o ano 2018.

A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018, polo que se convocan as subvencións que a continuación se detallan:

Materia	Programa	Partida	Orzamento	
Deportes	E/18	Actividades deportivas	18/340.3410.489.04	500.000 €

O programa E/18, actividades deportivas, vai dirixido ao financiamento de campionatos e eventos deportivos que levarán a cabo os clubs ou entidades deportivas durante o ano 2018.

Segunda. Solicitantes e requisitos

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións e clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (deberán acreditarlo cunha declaración responsable da persoa representante)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra



- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións recollidas na lei para percibir subvencións
- Estar ao día coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e non ter débedas coa Deputación.

Non serán obxecto de subvención as actividades que estean reguladas noutras convocatorias deste organismo provincial ou incluídas no programa de deporte escolar da Secretaría Xeral para o Deporte.

A cantidade solicitada non poderá exceder do 80 % do orzamento total da actividade.

Non serán obxecto de subvención as propostas que non supoñan a realización de práctica deportiva, nin os campus deportivos ou multideportivos.

Non terá a condición de gasto subvencionable ningún que non sexa específico para os días no que se realice a actividade. Unicamente serán subvencionables aqueles de que xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan directamente imputables a esta.

Segundo o acordo plenario número 15.6896, de 28 de decembro de 2016, a Deputación de Pontevedra non colaborará, patrocinará ou apoiará a realización de campionatos de tiro ao pombiño por consideralos actos de crueldade contra os animais.

Así mesmo, non será obxecto de subvención ningunha actividade que poida implicar calquera tipo de maltrato aos animais.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as asociacións que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

Terceira. Solicitudes e documentación

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no Servizo de Deportes ou en www.depo.gal, e ademais deberase achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade actualizada (coa sinatura dixital)
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal
- Memoria explicativa dunha actividade concreta, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano, debe ser unha actividade concreta, da que se indicarán o lugar e a data de realización



- Orzamento de ingresos e gastos detallado e totalizado (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado, indicando se este é deducible ou non) dunha actividade concreta e determinada, asinado pola persoa representante. Non se poderán incluír no orzamento aqueles gastos incluídos noutras achegas da Deputación para a mesma finalidade.
- Declaración na que conste se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade para a que se solicita a subvención.
- Declaración de que a entidade non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de aceptar as bases da convocatoria
- Certificación ou declaración responsable de estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica
- Certificación orixinal ou copia cotexada dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria

Cada entidade só poderá presentar a solicitude para unha única actividade deportiva

As entidades autorizarán a institución provincial para solicitar as certificacións de estar ao día coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica.

En caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándosele que, no caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, polo que se arquivará sen máis trámites.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e posteriormente remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción en www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Entregaranse no Rexistro xeral da institución provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a venres)
- Oficina periférica de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén poderán entregarse a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP, sen prexuízo do estipulado no artigo 14 da citada lei.



A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Quinta. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e teranse en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios:

- I. Número de deportistas ou de equipos participantes: ata 20 puntos
- II. Ámbito territorial do evento: ata 20 puntos
 - a) Provincial: 10 puntos
 - b) Autonómico: 15 puntos
 - c) Nacional: 20 puntos
- III. Antigüidade e consolidación do evento: ata 15 puntos
- IV. Número de xornadas do evento: ata 10 puntos
- V. Orzamento de gastos e ingresos do evento: ata 10 puntos
- VI. Achega económica da propia entidade ao financiamento do evento: ata 15 puntos
- VII. Interese turístico da actividade, con acreditación oficial : 5 puntos
- VIII. Promoción do deporte base, feminino e de persoas con diversidade funcional: 5 puntos

O conxunto das axudas recibidas non poderá en ningún caso superar o 100 % do custo real da actividade, a adquisición ou a mellora que desenvolverá a entidade beneficiaria.

Sexta. Procedemento de concesión

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base quinta e no que explique o sistema empregado, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Informe de fiscalización do Servizo de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.

Posteriormente realizarase un estudo do informe-proposta do xefe do Servizo por parte da Comisión de valoración, órgano colexiado composto por:



Martes, 19 de xuño de 2018

Núm. 117

- Presidenta: a deputada de Deportes.
- Vogalía: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaria/o: un membro do funcionariado do Servizo de Deportes, que actuará sen voto.

A Comisión de valoración poderá conseguir cantos informes estime necesarios para resolver e emitirá un informe sobre as solicitudes de subvención.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, establecido no artigo 21.1 da LXS.

As propostas de concesión das subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Despois de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución as persoas interesadas estarán lexitimados para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Sétima. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas, nin se vexa modificada a puntuación obtida por baremación .

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia despois da proposta previa da Comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente manteranse as condicións da subvención concedida no que se refire ao seu importe e ao orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente a Comisión avaliadora, tras o informe do Servizo de Deportes, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.

Oitava. Xustificación

Unha vez publicada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade (ata o 31/12/2018) as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 29 de marzo de 2019.



Martes, 19 de xuño de 2018

Núm. 117

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos a alimentos e bebidas, a excepción do avituallamento e manutención das e dos participantes.

Non serán admitidas como válidas as facturas de material deportivo inventariable, nin aqueles que non sexan gastos específicos da actividade subvencionada.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a. Orixinais ou copias cotexadas de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade. Non se admitirán como xustificación as nóminas de persoal propio da entidade. Soamente se aceptarán as nóminas do persoal contratado especificamente para desenvolver a actividade subvencionada.

As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.

b. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran nesta conta se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes desa conta están a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

c. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima, entre os distintos conceptos, do 20 %.

d. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás persoas beneficiarias preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención, pero, en todo caso, deberán aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

e. As persoas beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.

f. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades persoais para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.



Martes, 19 de xuño de 2018

Núm. 117

g. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao día das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.

h. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos.

i. Acreditar a debida difusión mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos do financiamento por parte da Deputación para esta actividade.

Novena. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- Cando se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- Cando se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Décima. Incumprimento

Tras vencer o prazo de xustificación sinalado na base oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda total da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo primeira. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Cando se obteñan falseando as condicións requiridas
- Cando non se apliquen aos fins para os que foron concedidas
- Cando a entidade beneficiaria non cumpra cos deberes asumidos e as condicións fixadas nestas bases

Décimo segunda. Obrigas das entidades beneficiarias

As e os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

a. Cumprir co obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.



Martes, 19 de xuño de 2018

Núm. 117

b. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención. O prazo para realizar a actividade será o ano 2018.

c. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións de comprobacións anteriores.

d. Dispoñer dos libros contables, os requisitos dilixenciados e os demais documentos nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos se esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en www.depo.gal (área de descargas/imaxe institucional).

Décimo terceira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2018 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo cuarta. Normativa aplicable

As subvencións que outorgue a Deputación rexeranse pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento
- LXS, nos artigos non básicos e na súa normativa básica de desenvolvemento
- Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local, estatal e autonómica
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016



Décimo quinta. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir contestación. Neste caso poderá interporse no prazo de dous meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se como entenda desestimado.

Décimo sexta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido nas de execución do Orzamento xeral da Deputación do exercicio 2018, na LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

